

# Arte e arquitectura en Galicia

Discurso lido o día 30 de decembro  
de 1951 no acto da súa recepción,  
polo ilustrísimo señor don

**Manuel Gómez Román**

e resposta do excelentísimo señor don

**Ramón Otero Pedrayo**



REAL ACADEMIA GALEGA





# Arte e arquitectura en Galicia

O solemne acto académico  
en que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume celebrouse  
o 30 de decembro de 1951  
no salón nobre do Casino de Vigo.

A edición dos textos  
realizouse a partir dos manuscritos  
conservados no arquivo  
da Real Academia Galega  
e no Arquivo Francisco Fernández del Riego  
do Concello de Vigo.

Edita  
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2024

© Concello de Vigo, 2024

Deseño da colección  
Grupo Revisión Deseño

<https://doi.org/10.32766/rag.435>

# Arte e arquitectura en Galicia



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2024



Discurso do ilustrísimo señor don  
**Manuel Gómez Román**







Unha xenerosa determinación desta Academia traime hoxe a ocupar, un pouco cohibido e inqueda, este sitio que en vida enalteceu a destacada figura de Don Gonzalo Brañas Fernández.

E esta inquedanza nace da consideración de que a miña laboura deica agora, considerada cunha autocrítica xusta, non a estimo merecente de tal honra. Creo, pois, que se trata dun creto que concededes aos meus degaros e entusiasmos polas cousas da nosa terra, que guían as miñas actividades na arquitectura nun propósito de conservar as tradicións galegas nas etapas da vida actual cun sentido de continuidade. Penso que elo é indispensable para que perdure a enxebreza que inspirou aos nosos antergos nas súas concepcións, e que serviu para que a nosa arquitectura tivera un destacado e singular valor no panorama xeneral deste arte, así como nas súas solucións. Porque o mesmo cando creaba formas propias que cando recollía influencias alleas, ás que lles infundía emoción creadora, o espírito peculiar do país brillou moitas veces con esplendores gloriosos.

Tal aconteceu coa alborada lumiosa do Románico, disipando as tebras das invasións bárbaras que ocuparan o Occidente. Daquela, a nosa voz ouviuse nidiamente, dentro do perfecto acorde no que tódolos pobos europeos fixeron a súa ofrenda ao ideal cristiano.

[N. e.] No Arquivo Francisco Fernández del Riego consérvanse, xunto con copia da resposta, dous mecanoscritos do discurso de ingreso de Manuel Gómez Román acompañados dunha carta de Ramón Otero Pedrayo na que indica: “Mándolle o discurso e o guión do que falará D. Manuel Gómez Román”. Incluímos nesta edición os dous textos consecutivamente.

Na basílica compostelana compéndianse as manifestacións vivas do arte daquel tempo. E pola súa traza, pola sabia resolución dos problemas constructivos e pola súa expresión iconográfica, quedou chantado no solar galego un dos máis destacados fitos que guiaron o andar da Humanidade.

Constitúe un honor para Galicia o de que na obra sin par do Mestre Mateo cumiara o estilo Románico chegando á súa máis alta perfección; ao propio tempo que imprimía galeguidade ás novas formas do oxival. A influencia do xenio de Mateo foi tan forte e profunda, que perdurou nos séculos seguintes, vencellándose para sempre ao noso sentir. Porque aínda agora estamos a sentila os que adicamos os nosos afáns á arquitectura, guiando os nosos pasos abaneantes na procura da Beleza.

Esa influencia seguiu latexante na doorosa etapa histórica que trocou a nosa cooperación na vida de España en forzada subordinación. Causa esta, sin dúbida, de que os esplendores do Renacemento tiveran na nosa terra cativos reflexos. Certo é que por entón erguéronse monumentos fastuosos, pero acúsase neles a inspiración allea, sin participación de maneiras autóctonas; feito que xustifica o noso sentimento polas obras que houbo necesidade de destruír para lles proporcionar solar ás novas.

Mais o espírito da galeguidade remaneceu forte e vibradoiro no Barroco, estilo que en Galicia, máis que estilo dunha época, hai que considerar como fase de superación, de exuberante evolución das etapas precedentes. E elo ata tal punto que chegou a constituír nosa xenuína maneira de expresión.

O poeta-arquitecto Domingo de Andrade labrou con pedras douradas o poema inxente da Torre do Reló, que ergue a súa silueta lanzal rañando o ceo compostelano. Ela deu, quezais, normas e inspiración para a obra que o seu herdeiro na nosa estima, o Mestre Casas Novoa, nos deixou como tesouro precioso no maravilloso tríptico da fachada do Obradoiro. Nel, o estilo barroco amosa a súa máis alta expresión, rematando o conxunto, frondoso e brillante, co que a devoción daqueles tempos quixo labrar o relicario da xoia medieval. A emoción creadora deses dous mestres impresionou tan fondamente a sensibilidade das xentes que cabe dicir que a súa obra veu ser a forma expresiva do pensamento artístico na nosa terra.

Ese estilo resplandece aínda nas vilas e cidades galegas con calidades de perfecta manifestación, ou con cambios de certa inxenuidade, pero sempre nunha liña de acorde continuista. Co Barroco completouse a formación da cidade compostelana, Museo de Arquitectura de crecente estimanza para cantos neste orde cifran os seus afáns. A súa alta calidade e as súas posibilidades de ensino condúcennos a un feito

incontestable: o de que si non cabe fundar nel unha Escola de Arquitectura, cómpre basearse nun pleno coñecemento das súas obras para poder exercer a profesión arquitectónica no noso país.


Hai que se laiar de que o estilo barroco, que tan ben reflexaba o sentir galego, non se conservara na súa pureza e caera en demasías que provocaron a reacción do neoclásico formulario e frío. Unha reacción esta que en troque de nos ofrecer unha guía para o porvir, sumiunos nunha desconformación da que aínda non se saíu. Eso fixo que nos tempos en que alborearon uns destellos de Renacemento no espírito da Terra —ata chegar á gloriosa Rosalía— non se conseguiu que os seus cantos tivesen eco nas creacións da arquitectura.

Certamente, tal decadencia reflexouse non soio aquí, sinón que tivo extensión universal. Para superala, intentáronse no século pasado determinadas innovacións. Pero non pasaron de simples intentos e os seus reflexos nas vilas e cidades galegas non son merecentes de louvanza.

Para saír das vacilacións e ensaios estéreis fronte á nova vida imposta polas profundas transformacións que Sofriu o mundo no presente século, compría precurar novas formas, que atendesen ás novas necesidades. Xurdiu entón un movemento anovador que queimou o *mito* das formas consagradas, coidando que el era a causa do mal que padeciamos. Este movemento anovador chegou ata nós e manifestouse aquí en forma magoante. Pero tivo a virtude de despertar unha crítica saudable nas súas manifestacións, pónonos en camiño de establecer unha aportación xenuína; aportación dirixida a que a universalidade de expresión pretendida tivera os matices da natural diversidade que tal universalidade conforma.

Desde o punto de vista galego estamos obrigados a facer ese aporte, para que a nosa arquitectura se compaxine coas actividades do pensamento que no país se están a realizar; ou seña, establecendo unha nobre emulación coas que noutros pobos se veñen desenvolvendo. Posibilidades para esta tarefa témolas grandes, pois contamos con tradición que nos marca o camiño a seguir.

Dispomos de medios baseados no amor ao traballo, que aquí, en troques de considerar unha condenación, é unha condición natural da nosa vida. Temos, ademais, solar axeitado e belido para erguer as nosas concepcións arquitectónicas. Pola súa parte, o noso vivir pode adornarse das normas de modernidade, aínda que pareza ancorado no pasado. Porque o acento tradicionalista non quere decir estancamento,



sinón que, pola contra, supón partir do que foi, para chegar con signo propio ao actual.

Contamos en Galicia con xacementos de materiais constructivos de grande riqueza. Contamos con traballadores nos que se conxugan pericia e laboriosidade, singularmente canteiros, dos que se está por facer a debida gabanza. Contamos con elementos dabondo para nos enfrentar coas dificultades da empresa constructora, e vencelas. Esas dificultades acúsanse, principalmente, nos seguintes aspectos:

O económico, unha quinta dimensión que sempre xogou no mundo da arquitectura. En tempos pretéritos marcando soamente o grado de suntuosidade. Agora, cambendo de signo, móstrase preponderante nas restriccións que se impoñen no carácter da obra constructiva, xa que a sinxeleza ten hoxe unha xusta apreciación encomiástica.

O da perversión do gusto coa que se aprecia o arte polo pobo. Neste aspecto cómpre unha reeducación para que o artista se sinta asistido pola estimanza coalitativa das súas concepcións. Porque, desgraciadamente, véñse notando que son moitos os que mostran a súa condición de inferioridade, deixándose impresionar polo estrondo das dimensións e extravagancias.

Coas devanditas reflexións quérese xustificar a pretensión de que as nosas institucións culturais interveñan activamente nos organismos rectores, que veñen actuando na arquitectura nacional, para lle dar os nosos matices a ese labor arquitectónico. Para que esa aportación seña ben valorada, habería que facer o seguinte: completar os interesantes estudos que das características da nosa vida se fixeron, con outros que, á vista das modalidades que a actualidade trouxo, discriminaran as que encaixan naturalmente nas nosas maneiras; pois un van e noxento modernismo pretende mesturarse con elas, e cómpre saírlle ao paso con resoante protesta.


Neste estudio terían que colaborar tódalas entidades e persoas que dirixen as actividades do pensamento na nosa terra. Sería ben que tivera resonancias divulgatorias, para despertar nas xentes a sensibilidade que hoxe parece desorientada ou morta. Del sairían, sin dúbida, as normas para poder realizar a nosa aportación, con signo propio e peculiar, á arquitectura moderna.

Atópanse en camiño de viabilización os propósitos dunha Diputación para levar ás vilas e aldeas da súa demarcación novas construcións e reformas para os seus servizos públicos. Si repercuten no resto do país, como é de desexar, propiciaría a necesidade de preparar un plan xeneral que as ordeara na súa coalidade e na súa cuantía.

Para que na súa coalidade tivera axeitada expresión de modernidade, deberá basearse na nosa xenuína maneira de facer. E para apreciar a súa cuantía terá que resolver o arduo problema de asentar á xente, do xeito máis conveniente, no noso chan; pois hoxe propéndese a acrecentar as cidades, sin tino e perigosamente —unhas poucas cidades— en evidente perxuicio do agro e da economía xeneral. Hoxe parecen claras as razóns que esixen repartir os focos de actividade, non en zonas de concentración cidadana, sinón nos diversos lugares que se prestan a unha maior eficacia.

Este criterio, que xa está respaldado por determinacións tomadas en diversos países que van á cabeza do progreso, teñen máis xustificación no noso en tódolos sentidos: no estético, porque a topografía galega, como a da Grecia Nai, califícase non por grandes extensións, sinón pola variedade de lugares de dimensións limitadas; lugares que, polas súas condicións de clima e paisaxe, ofrecen unha preciosa unificación para a vida das xentes. No orde económico e social, porque as nosas industrias —expoñente actual da riqueza— teñen o seu asento lóxico, non en focos concentrados, sinón localizadas nos diferentes lugares do interior e da beira do mar, nos que se atopa a súa base natural.

Si tal acontecera estaríamos en camiño de poder facer que Galicia poidera aparecer na concreción dunha España moderna con destacada e singular prestancia. Porque, a carón dun programa ben definido a cumprir, que chegara ao fondo do noso sentimento, tódolos seus fillos aportarían, con emoción creadora, o seu tributo á Terra Nai. Dese xeito poderíase facer dela un país no que todos, nun ambiente de paz e xusticia, lográsemos traballar, cantar e louvar a Deus.





Cando se fala do pulo criador galego, en materia de arte, cómpre a referencia inexcusable ó tempo románico. A alborada lumiosa do Románico esvaú as trebas das invasións bárbaras que sufriu o Occidente; i é daquela cando a nosa voz se escoita nidiamente, no acorde perfecto conque todol-os pobos fixeron a súa ofrenda ó ideal cristián.

O tempo raiolante do románico abrangue os séculos XI, XII e XIII. É a xeira áurea de Galicia, de seguridade e concencia determinada d'un destino. A Galicia románica acusa a súa viva presenza no campo e na cidade; está o mesmo na eirexa campeña que na catedral cidadá. Abonda un vaguear imaxinario pol-as roitas do noso país pra nos decatar de como bisbarras enteiras gardan a integridade dos seus templos románicos.

Varias liñas de evolución pódense seguir na loita pol-a expresión, ó longo da idade media. Todal-as pedras da España do norde, sufrían o golpear dos cinceles. Pero istes soio cantaron coa suprema sonoridade do trunfo expresivo, coa man dos nosos artistas i encol de pedra galega. Por algo, o campo de Galicia é decote románico. Existe unha consustancialidade d'iste arte coa ialma da nosa terra. I é máis, iste fisterre noso, que adquire un domiño pleo d'unha forma de expresión na arquitectura e na escultura, acádao tamén n-outras manifestacións de cultura.

Romanismo, pra nós, quere decir a Galicia dos pelerinaxes, a vida íntima d'un pobo que conquiere o cume da súa figura histórica. O selo galeguísimo do románico significa traballar fermosos edificios de eternidade; mais, ó propio tempo, equival a cantar liricamente, e a camiñar pol-o pracer de inventar novos vieiros. O trunfo da

edade media galega trae canda si, coa criación d'un arte arquitectónico i escultórico, o prestixio d'unha poesía singular que ten nos Cancioeiros o seu fidediño expoente.

Ramón Otero Pedrayo afirmou, con un senso de precisión interpretativa, que Galicia pódese explicar compretamente como céltica, románica, ou barroca. No tempo medieval, a puidente antena de Santiago excitou a nosa orixinalidade, e fixo falala nos seus moimentos, no acento ecuménico do camiño, e na lírica dos Cancioeiros. Así se axuntan na nosa paisaxe d'aquela edade a eirexa románica co cantar de amigo e cos pelerinaxes.

Concretándonos ó aspecto puramente artístico, Compostela impón a súa norma ó arte. Na nosa basílica compostelá, compéndianse total-as manifestaciós do espírito da época. Pol-a súa traza, pol-a sabia resolución dos probremas constructivos e pol-a súa expresión iconográfica, quedou chantado en solar galego un dos máis destacados fitos que guían o andar da Humanidade. É privilexio de Galicia o que na obra sin par do Mestre Mateo cumiara o estilo románico, chegando á súa máis outa perfección; e isto, ó propio tempo que imprimía galeguidade ás novas formas do oxival.

A presenza do Pórtico na historia do arte ten un acento de singularidade sin parello. Ahí está esa armónica asambreia de varós en sosegado falar, movida por un soio ritmo interior, pol-a mesma placidez e bondadosa animación, inda que total-as figuras garden persoalidade inconfundible, sexan amabres seres vivos.

Pero o infruxo do xenio de Mateo non se esgotou na súa obra; foi tan rexo e fondo, que perdurou nos séculos seguintes, e ficou vencellado pra sempre ó noso sentir. Aínda hoxe, os que á arquitectura adicamos os nosos afás, sentímolos guiando os nosos pasos abaneantes en precura da Beleza.

Ise infruxo seguiu latexante na etapa doorosa da historia que trocou a nosa cooperación na vida cultural de España en forzada subordinación, causa sin dúbida de que os exprendores do Renacemento tiveran na nosa terra cativos reflexos. E decimos cativos porque, inda que se ergueron moimentos fastuosos, acúsase n-iles a inspiración allea, sin apreciabre participación da nosa peculiar maneira. Por eso mesmo atopa unha crara xustificación o noso sentimento pol-as obras que houbo necesidade de derruír pra dar ás novas solar.

Mais, o espírito da galeguidade renaceu, despois d'un longo sono, forte e vibradoiro no Barroco. Iste estilo, máis que estilo d'unha época cabe consideralo na nosa terra como fase de superación, de evolución frorecente das etapas que o precederon. E deica tal punto que pódese decir que constituie a nosa xenuína maneira de expresión.



O Barroco é, en Galicia, “algo forte, masculino, étnico, poderosamente aberto a total-as suxerencias”; responde, por enteiro, ó estilo de vida que nos singulariza. Veleiquí por que o silandeiro estancamento cultural da Galicia dazaoitesca atopa un camiño cara á vida no traballo da pedra.


Os nomes dos arquitectos galegos da época barroca, son ben conocidos: Domingo de Andrade, Fernando de Casas e Novoa, Simón Rodríguez, Sarela... Istes artistas acertaron a expresar o sentir estético do seu país; un sentir que está no seu ambiente, na súa natureza, na propia calidade diferencial do ser galego. Como mui ben di Otero Pedrayo, iles manexaron enormes masas de pedra ordeándoas d’un xeito sinxelo, sin a longa matinação técnica, deixándose levar pol-o íntimo pulo galego: o meirande equilibrio irmandado coa meirande gracia i expresión vital.

O poeta-arquitecto Domingo de Andrade compuxo con pedras douradas ise poema inxente da Torre do Reló, que ergue a súa siloita lanzal, rañando o ceo comostelán. Ela somella dar normas e inspiración para a obra que, o seu herdeiro na nosa estima, o Mestre Casas e Novoa nos legou como preciado tesouro no maravilloso tríptico da fachada do Obradoiro. É aquí onde iste estilo acada a súa máis outa expresión, rematando o conxunto frondoso e brillante con que a devoción d’aquiles tempos quixo labrar o relicario da “xoia” medieval.

A emoción criadora d’istes mestres, tivo que impresioar fondamente a sensibilidade das xentes. Emporiso o estilo por iles manifesto na súa obra é a traducción real do pensamento peculiar da nosa terra. Porque tiña que ser barroco o arte do pobo galego, sentimental e apaixonado; de iste país de neboentos perfís; d’iste mundo noso, antergo e saturado.

Así, Santiago —todo pedra e arquitectura— préstase ó goce enteiro do granito labrado con alma nosa. Compostela é galega no antergo do seu esprito, que confirma a súa arquitectura. A súa catedral, por dentro románica, é barroca por fóra; a nova construción cobre como funda a vella. Cáseque toda a arquitectura xacobeá cífrase en ambos estilos, tan definidores: o arte vello que ollaron os romeiros e os étnicos froitos d’unha añosa madurez cultural, que remachan a sensación de antigüedad.

O barroco arquitectónico galego —como alguén dixo xa— é serodio cronoloxicamente en comparanza cos demais barrocos. Sin saír de Santiago —a cidade que impón o ritmo e tono— as grandes estruturas barrocas son do dazaoito: O Obradoiro, Belvís, San Paio, Santa Clara... Pero está afincado na mesma raigaña da vida do país, coa que pra sempre se consustializou.



Pol-o máis, non hai outra cidade que sexa como Compostela —encol d'un fondo románico— barroca en tan grande parte. E ise estilo maduro irmándaa coa campía que a arrodea, traduce fonda complicitade espiritual. Ise estilo resprandece aínda nas nosas vilas e cidades, con calidades de perfecta expresión, ou con cándida inxenuidade, pero sempre traducido n-un acabado acorde.

Co barroco completouse a cidade compostelá, Museo de Arquitectura e lección permanente que adeprender. Todos cantos á arte arquitectónico adican os seus afás, teñen n-ila un inmorredeiro manantío de ensinós. Tanto, que ista fecunda realidade lévanos a suxerir si non sería posibre fundar en Santiago unha Escola de Arquitectura, con un plan de estudos no que se esixira o pleo conocimiento das construcciós santiaguesas, pra poder exercer a profesión de arquitecto no noso país.

É motivo de laio que o estilo barroco, que tan ben refrexaba o noso sentir, non se conservara na súa enxebreza, caendo en demasías desvirtuadoras. Ilo trouxo como resultado, a reacción do neoclásico, formulario e frío, que, en troques de nos facilitar unha guía pra o porvir, mergullounos na desorientación da que aínda non se saíu. E a proiección de desvencellamento tivo tales alcances que, incruso nos tempos románticos en que alboreou un renacemento do espírito da Terra, a criación arquitectónica continuou postrada. Agromou de novo a nosa lírica na voz de Rosalía e rexurdiron outras ponlas da propia cultura, pero os novos acentos non tiveron eco nas obras da nosa arquitectura.

Craro que a decadencia d'iste arte non foi fenómeno tipicamente galego, sinón que se manifestou con extensión universal. Pra saír d'ila, nos derradeiros anos do século pasado teimáronse innovaciós; pero os esforzos non pasaron de intentos e os seus refrexos nas nosas vilas e cidades non son, certamente, merecentes de gabanza.

Pra saír d'unha vez de vacilaciós i ensaios esteris, e frente a unha nova vida suscitada pol-as fondas transformaciós que sufriu o mundo n-iste século, compría a precura de novas formas axeitadas ás novas necesidades. Tal foi a xustificación do xermolar d'un movemento anovador que queimou o “mito” das formas consagradas, coidando que ise mito era a causa dos males que aturabamos. Iste movemento chegou a Galicia e mergullouse entre nós, pero manifestándose en lamentabres revelaciós. Non embargantes, tivo unha virtude: a de despertar unha crítica saudable do pasado inmediato, que nos pon en camiño de facer no arte arquitectónico a nosa aportación xenuína pra que a universalidade de expresión que se pretende teña os matices da natural diversidade que a conforman.

A nosa obriga de servir a ista aportación é inexcusable; porque non podemos eludir o feito de que a arquitectura galega responda ó rexurdir das actividades do pensamento que no país xa é dabre estimar, en esgrevia emulación coas que n-outros pobos se producen.

Posibilidades para tal tarefa témolas grandes, pois contamos c'unha brillante tradición que nos sinala o roteiro a seguir; dispomos, tamén, de medios realizadores, basados no amor ó traballo que, eiquí, non está considerado como motivo de condenación, sinón como condición natural da nosa vida; i, en definitiva, temos solar san e belido no que poder erguer as nosas concepciós constructivas en consonancia coas características que lle son peculiares.

O senso do moderno non fuxe, en ningún intre, á tónica que a arquitectura galega ten de proiectar na súa actividade criadora. Aínda que o acento se atope rexamente vencellado ó pasado, ise tradicionalismo non supón a máis pequena mácula do museísmo. Pol-a contra, quere chegar ó actual, e chega con sino propio, en normas de indispensable modernidade.

N-outro aspecto, ha de se considerar que en Galicia existen materiás nobres abondosos, ricaces xacementos do elemento básico para a construción. Tamén existen condicións de innegable pericia na man de obra; laboriosidade e forza; d'un xeito especial nos nosos canteiros, de tan limpa historia, de tan brillante tradición, dos que aínda se non ten feito a debida gabanza. Os medios, os elementos fundamentás, representan unha vigorosa axuda pra que poidamos enfrentarnos coas dificultades d'ista empresa, e vencelas.

Tales dificultades aparecen diseñadas, principalmente, baixo dous puntos de vista: un, o económico, que veé a ser como unha quinta dimensión que sempre entrou no xogo da arquitectura. Denantes aparecía crara somentes, pra marcar o grado de suntuosidade; agora amósase d'un xeito preponderante e trocando de signo: impón restriccións, ás que hai que se someter, e acusalas no carácter das construcións, xa que a sinxeleza que esixe ten hoxe unha xusta apreciación encomiástica.

O outro punto, hai que o buscar na perversión do gusto que o pobo mostra na apreciación do arte. Cómpre, por iso, reeducalo pra que o artista se sinta asistido coa apreciación cualitativa das súas concepciós. Porque hoxe resulta doado notar como son muitos, desgraciadamente, os que revelan a súa condición de inferioridade deixándose impresioar pol-o estrondo das dimensións e das extravagancias.

Coas denanteriores reflexiós quérese xustificar a pretensión de que as nosas instituciós culturás interveñan d'un xeito activo nos organismos rectores que veñen actuando na arquitectura nacional, pra lle incorporar os nosos matices diferenciados a isa arquitectura.

Agora ben, pra que tal aportación acadase unha valorización debida, habería que completar os interesantes estudos que se teñen feito das carauterísticas da nosa vida, con outros novos; cos que, á vista das modalidades que a actualidade trouxo, discriminasen as que encaixan naturalmente nas nosas maneiras. E isto, porque hoxe teima mixturarse con ilas, un van e noxento mimetismo, ó que cómpre saír ó paso con resonante protesta.

N-istes estudos terían de colaborar total-as entidades e persoas que exercen unha direucción n-as actividades do pensamento na nosa terra. En calisquera caso, sería oportuno que se proiectasen con un senso divulgador, pra despertar n-as xentes a sensibilidade, que hoxe somella desorientada ou durmida. De tal labor xurdirían, sin dúbida, as normas xustas pra que nos puidésemos incorporar —con signo propio e peculiar— ó canle criador da arquitectura moderna.

Son de resaltar n-iste punto, os propósitos —en camiño de se realizar— pol-os que unha Diputación galega teima ás vilas e aldeias da súa demarcación, reformas intelixentes e novas construcciós pra os seus servicios públicos. Si os devanditos propósitos teñen repercusión, como é de desexar, no resto do país, forzaríase a necesidade de preparar un plan xeral que os rexira na súa calidade e na súa cuantía.

Pra que na súa calidade tivera expresión de modernidade a nosa xenuína maneira de facer, e para apreciar a súa cuantía, compriría resolver o arduo probrema do xeito máis comenente pra asentar a xente galega no seu propio chan. Hoxe hai unha propensión, cada ves de meirande intensidade, a acrecentar sin tino, e perigosamente, a lonxitude e outura das cidades —unhas poucas cidades— con evidente perxuicio do agro e da economía xeral do país; porque somellan craras as razóns que exprican a comenencia de repartir os focos de actividade entre os diversos lugares que se presen a unha meirande eficacia.

Iste criterio non é novo, xa que se atopa respaldado, incluso, por determinacións tomadas n-outros países que van á cabeza do progreso. Pero no noso atingue unha xustificación máis plea, desde todol-os puntos en que se queira considerar. No estético, porque a nosa topografía, como a da “Grecia Nai”, vén carauterizada non por grandes extensiós, sinón por unha manifesta variedade de lugares con dimensiós

limitadas, que pol-as súas singularidades de clima e paisaxe trócanos en base inme-llorabre pra a vida das xentes. No orde económico-social, porque as nosas industrias vivas ou en potencia —expoñente actual de positiva riqueza— teñen o seu asento lóxico non en focos artificiosamente concentrados; si, á beira das distintas zonas, da terra e do mar, onde se atopa a base natural que as sostén e nutre.

Partindo da consideración de istes feitos, habería que concebir a estrutura de toda futura actividade, no terreo que nos ocupa. Sendo así, atopariámonos no camiño pra poder facer que Galicia se situara, no panorama d'unha España Moderna, con destacada e singular prestancia. Porque, a carón d'un programa ben definido a cumprir, que enraizara no fondal do noso sentimento, todol-os galegos aportarían con emoción criadora o seu tributo á Terra nai: tributo que, fundido n-unha comunidade de anceios, serviría pra converter a Galicia n-un país, no que todos —mergullados nun ambiente de xusticia e de paz— puidéramos traballar, cantar, e loubar a Deus.



Resposta do excelentísimo señor don  
**Ramón Otero Pedrayo**







Señor Presidente,  
señores académicos,  
miñas donas, meus señores.

Fai ben poucos días puxéronlle o ramo a unha fidalga obra de Don Manuel Gómez Román en Sant-Yago de Compostela. Sempre foi ledo istante o do coroar ca gloria verdecente e apolínea do loureiro unha nova canteiría. Seguín con amor, con interno goce, como quen enxerga o desenrolo de un libro, o pulante medrar de unha rexa vida, o crecemento da graciosa e forte arquitectura. Érguese, en renque con casas graves de veciños, decimonónicas, en rúa pasaxeira, case por fronte da severidade afeituesa do Colexio das Huérfanas. Non lonxe, o *Agnus Dei* de Santa María Salomé parés gardar en toda sazón un lampo de Sol mañanceiro do día do San Xoán... Cando se descubriron os escudos da nova faciana, e maduraron as pedras e unha nova fisonomía se acompasou ó tempo de se enteirar ó estilo e ámpido da rúa, houbo nas torres de Sant-Yago, outos mastros sensitivos a todo vento e forma de arte, unha calada gabanza que o circo vibradoiro de son do relox espallou gravemente deica os lindes do Xiro da Beleza da cidade.

Cando Gómez Román vai por as rúas composteláns engayolado no feitizo da composición e do ditoso recanto, non soio aplausan en silencio os ramos da Casa das Pomas e se aleda o xenio de Casas e Novoa, endexamais afastado, como refrexo de sol criador do argumento do Obradoiro. Tamén as pedras en si, como tales pedras, sofrentes, trunfantes ou iñoradas, sinten a legría de sabérense enxergadas por ollos intelixentes, amigos. As pedras dos muros, escerarios das loitas e amores da luz e a sombra, as lousas deitadas nas rúas, as labouradas por as mareas dos séculos como

as escaleiras dos peiraos, as noviñas, inda fai pouco arrincadas da canteira, ca gracia, o candore, a homildeza sorridente da paisaxe.

Moitas veces teño disfruitado en Vigo da compañía e conversa de Don Manuel Gómez Román. Escolmo a hora do traballo máis crara e fermosa de ista cidade de traballo guiado por un outo e xeneroso espírito. A hora das once da mañán, co eisprender calmo, azul, de pupila serea da Ría, e o concerto formado de mil motivos, escoitados ou lembrados, dos picos canteiros. É o canto augural de Vigo e seu himno de trunfo, endexamais rematado. Nisa hora, Gómez Román traballa no seu taller de arquiteito.

Pode recorrendo a cidade repousar no engado e compañía de obras súas. Home de grandes e rítmicas zancadas, pode camiñar bos espacios á sombra e na compañía de elas. Son graves e belidos edificios, dos que forman hourizonte urbán, ou feitucas casas frolidas de gracias máis do que donas de forza e poder. En todas puxo Gómez Román seu xenio e seu amor, súa metódica paixón de artista. Mais naquila hora das once da mañán, noso amigo maxina e traballa no seu taller. Súas ideas, seus proieutos, non sempre se acompañan e adoitan as canles de un espacio, de un fito e presuposto. Como grande e puro artista, Gómez Román ten moito de bohemio, e ás veces, aínda con moito traballo, deixa voar a maxinación creadora, pensa na pedra inédita dos montes gallegos, lembra a lus dos hourizontes, das prazas e rúas, e dibuxa e pinta eirexes inspiradas e graciosas como ofrendas nos cotos da campía; colexios pra as nobres artes en entoadas e rítmicas proporciós como formas escolleitas pra as millores formas do pensamento e a cultura; pazos a cuia soia consideración nace en que os afita o xardín e a paisaxe en ledó e fidalgo rodopío, os voares de pombas, o devalar axeitado das sazóns; casiñas sinxelas, dinas de fidalguizar as vidas... E todo elo respondendo ó xenio interno e inmorredoiro do arte gallego que ten en Gómez Román un mestre ispirado e severo.

Que podría decir eu de quen disfruita da gabanza do xenio de Compostela e do xenio de Vigo, de quen pode dialogar con Domingo de Andrade e Casas e Novoa sobre as mais sotís cuestiós da súa arte e pode ensiñar primores do seu oficio ós millores mestres canteiros de onte e de hoxe? Unha mesma vea de sangue circola por a arquiteitura gallega. Xunta no mesmo latexar podente as rudes pedras do dolmen de Dombate e os requintamentos eispresivos do XVII, do XVIII. Nisa tradición alenta dende neno D. Manuel Gómez Román.

De fixo, cando rapaciño díronlle a confirmación de artista cos “croques” litúrxicos do “Santo” axionllado pé do Pórtico da Groria da Catedral do Sant-Yago.

\* \* \* \*

Mirando unha obra súa tense a vida inteira do Gómez Román. A obra pode cristai-  
zar en boa e honrada pedra, ou agardar na poética estaxe de nuben. Pode ser máis  
fervosa e non menos axeitada á forma, á idea. Gómez Román, mente saudosa e ó  
tempo matemática, sabe como as nubes do poente son cecais mestras de trascenden-  
tal estética pra o arquitecto, e non esquece a valencia e proba da lus de un mediodía,  
de un griseiro e verde chover no declarar a verdade e sinxela honradeza de un edifi-  
cio, de un ornamento...

Teimo nistas palabras os alicerces de un paralelo exemplar entre a vida de cada  
obra de Gómez Román e súa vida inteira de artista. A empresa non pode ser pra  
min. Outros han poder perfeizoala. Abrangue o problema máis fondo, perigoso e  
apaixoante do arte. Do arte e da filosofía do espírito en canto leva en si a xénese e o  
modo da creación artística. Dixen perigoso. Hai a vaidade e a servidume da escola e  
non fallan no noso ser malinos diachos cuio xogo consiste en engaiolar ca apetencia  
das cousas miúdas, dos pequenos trunfos. Niste caso ri o pequeneiro que hai en nós,  
e as potencias outas e sereas do espírito cobren o rosto con seus mantos pra ocultaren  
como graves deusas antigas as súas bágoas.

O misterio, a ledicia e grave premio da creación artística, lonxe da vaidade e do  
negocio, dentro da órbita lumiosa do xenio e do sentimento da Galicia, poderíanse  
seguir dende o intre en que o artista pensa unha forma deica que a obra se franquea  
á cariza da lus. O artista, Gómez Román, non afasta o oficio da arte. Podémolo  
maxinar de noviño adprendendo como en xogo dos ollos, das maus, da mente, o  
traballo nobre, antigo, honrado, da pedra. Os mestres vellos consideran como o  
rapás arrinca co cicel as primeiras faíscas. Bautismo de fogo do arte, frol da pedra de  
gra, xiada pranetaria, cristaizada, mais de ialma de lume astral. O rapás quixo dende  
o principio a materia rexa. Non a madeira que apodrece e déixase roer por o verme,  
nin as sustancias que se deixan amolecer na auga. Na pedra o risco queda rexistrado,  
pide mente crara, ollar afitado, man valente e segura pra sorrir en faciana de ánxel  
de capitel esmaltárese de rosas mañanceiras de archivolta, rexistrar sinxelamente

o ornamento ou tema popular levían como un cantar de mociña, sinxelo como o reflexo das nubens na pucharquiña de augas cristaíñas do ermo.

E Gómez Román, xogando, entromedio do concerto dos picos, ollando como as pedras se ordeaban en craros edificios, amañecía poeticamente no amor e respecto da pedra de Galicia. O alicerce do noso chan amante e nutricio, o pechamento das cúpulas como froitas, a tampa da coba, e a lareira altar do lume inmorrante da nosa xinea. Pedra estesa en laxes nos cotos, abombeada en penedos de figuranzas afeituosas ou medoñentas de xenios da paganía, rachada por as cachoeiras, esculpurada con infíndo mimo e amor por as chuvias, acariñada por o sol amante dos faiscas da mica, traballada en furnas e graves testas de cabos por o mar a forza de foulas apaixonadas, escolleita da vida, das raíces do valente carballo illado e rebelde, das raíces do piñeiral maino e potente.

Dende os primeiros anos Gómez Román fixo súa profesión de fe na orde de pureza da pedra. E por iso foi arquitecto e ó tempo mestre canteiro, honrándose co iste tío como os monxes artísans dos mosteiros do medievo se honoraban co oficio de pedreiros. Mozo aldeán houber ergueito perfeitos pechamentos de eidos; traballado lumieras como limpas trabes de pedra de gra escollidas con asiado consello de olllos e man no monte pescudando a “caspela” dos penedos e o rumbo das laxes; laxeados eiras e solainas. Non perdeu sendo arquitecto istas calidás orixinarias. Así cando asiste ó traballo dos canteiros, os homes de mans duras e facianas branqueadas por a baril poeira do oficio, saben que non é un teorizante soio educado en libros e escolas de lonxe, sinón dono do oficio, namorado da forma limpa, intransigente co traballo chafallón e gandideiro.

E foi arquitecto e escultor Gómez Román aínda dinantes de ter conquistado o tío oficial. Home de xenio aberto e ledado, amante da vida e súas sorpresas, confiado na amizade, namorado da noite azul da Bohemia, cando os artistas eran noctámbulos despois de ter aproveitado no traballo deica o derradeiro locir do serán, súa mocidade foi xenerosa e leda, lonxe do cálculo dos aproveitados e dos noviciados arredor dos nomes ilustres. E neste pazo cecais non sexa estrana unha xustificación da Bohemia dos artistas. Hoxe semella moi lonxana. Hai moito amor ós premios oficiais e pídesse deseguida un bon e proveitoso lugar no ficheiro da vida. Pois a Bohemia foi —podemos decir é, que ela non troca en cinza manuable súa ceibe e viva chama— un noble ascetismo, un vivir de puro ideal, un traballar ben, un ambiente de xornaleiro heroísmo e dinidade do arte, indefrente e bulreira cas condecoracións

e os honores oficiais, xuventude grave diante a copa de viño da amizade, xusticieira cos negociantes do arte. E Gómez Román garda en todas as súas horas iste *élan* e postura, remanecida do seu xenio, da súa xuventude, que ditosamente se alonga ó correr do seu inteiro vivir na palabra e no traballo, na intelixencia e na obra.

\* \* \* \*

Fai moito tempo que non percorro a *Estética* de Hegel. Non podo nin quixera lembrar ben o xuicio e estimativa que nisa obra, tanto tempo canónica, se fai da arquitectura. Hegel concede demais á proporción de fadalismo e liberdade no arte e considera moi fortes as condicións da gravidade na obra do arquitecto. O mesmo Schopenhauer, no seu podente sentir a beleza e aquila frol case astral do seu pesimismo, non concede ás obras da arquitectura a dinidade lexítima. Semella o arte antípoda da música e cecais entre ambos haxa fondas relacións e non desemeillantes arelanzas. Un tempo apréixase na cúpula e outro tempo queda engayolado no pórtico do XII. O tempo da música nado en cada execución parece sempre novo e axeitado ós nosos sentimentos e vivencias do espírito, que no tema musical atopa a forma necesaria ou imposta. Na arquitectura semella cristaizado un tempo, o tempo inicial. Non se pensa como o tempo da natureza e o tempo da historia devalan arredor, penetran e cingúense ca obra da arquitectura. Soio lle é necesario ser lexítima, responder a un xenio racial. Sugar súa savia da fonte eviterna da poesía dos povos. Hai unha grandeza solene no executar en grandes masas de espacio unha idea podente e armoñosa. Co demasiado valor concedido ós elementos da estática engadiuse a presenza do utilitario —da casa, do pechamento seguro dun espacio— pra facer desmerecere esteticamente a arquitectura. Os tempos e o afinamento do diálogo dos filósofos fixo xusticia a Arte de Bramante, de MiguelÁnxel, de Casas de Novoa. Certamente, inqueda niste punto a lonxanía da figura humán. O escultor chega ó curazón do ser e do misterio. O arquitecto determina condicións, un ambiente, un medio. Nas abóvedas toupeñan como morcegos os pecados e brilan como estrelas as virtús, mais quen representa a ispresión doorosa do peccador, e a lus nos ollos e nos rosto do Santo é o escultor ou o pintor, e o pneuma enchedor do valeiro da bóveda correponde á música e á poesía.

O espírito ten variados camiños e non pode deixar en desamparo o latexar das ialmas dos pobos, nin se eispresa soio o humán con figuras humáns. No xeito de tratar volumes e espacios queda a presenza do xenio. Non é precisa unha rúbrica pra saber

como pra sempre unha alma relixiosa brila no pórtico da sinxela eirexe, e os tempos do desenrolo arquitectural dende os claustros sonorosos de fontes deica os ousos e as torres da bizantina basílica de San Pedro gardaban unha enteira doutrina teolóxica, un arelante acento humán en cada intre e feitura. Érguense arquitecturas lóxicas e dionisiácas, outivas ou xenerosas. Todos os roteiros da inquedanza humán, como todas as promesas que non poden ser gandadeiras e todas as lembranzas que ecoan na memoria dos pobos, maniféstanse na arquitectura, a cuías obras colabouran os sols e os luares, os tempos, as culturas. Arte da lus, suxeita á lus, de ialma poética e musical, a arquitectura ceiba a pedra do seu destino, faina expresiva, sofridora ou leda; faina estrofa, andante e scherzo. E si nas mansións dos homes e nas súas cidades se desenrolan os momentos esenciais do vivir e da cultura, a casa e a cidade rexistran outamente o tema esencial da arte. Son sempre historia, e si moitas veces a casa e a rúa non son arte, na tristura e fadalismo de elas descóbrese algo de incompreto, un pecado de treición cas condicións esenciais do xenio da terra.

Cecais semelle fóra de logar iste pasaxe do meu traballo. Quixera en honra de Gómez Román traer eiquí algún anaco do [...]. Como autoridade de outa valencia, ben acollida por os que dende nenos disfroutamos cas obras fidalgas dos arquitectos, e sufrimos cando se rendiren á vaidade e imitanza, dádeme licenza pra lembrar un soio pasaxe do *Eupalinos* de Paul Valéry:

Sócrates: —É pois razoable o pensar que as creacións dos homes son feitas ou en vista do “corpo” do que remanece o que se chama “utilidade”, ou en vista da “alma” en cuia relación procura a “beleza”. Mais, por outra parte, quen edifica ou crea, non se pode ceibar do movemento da natureza, que sempre se dirixe a destruír e derrubar o que está feito. E por iso débese reconecer un terceiro principio que debe o home comunicar ás súas obras e que expresa a resistencia que quer darlle pra que non perezan. Procura a “solidez” e a “duración”.

Fedro: —Son os caracteres de unha obra completa!

Sócrates: —Somentes a arquitectura as exige e pode levalas a ramo e ó máis outo cumio.

Con door deixo as palabras do diálogo en que, ambizosamente teima Paul Valéry encher un oco de Platón que nos diálogos non dispuxo cecais de tempo de adicar un ó arte de Ictinos. Paul Valéry, un mediterrán, un espírito clásico, ca clasicidade de procurar un orde nos centileos do mar, e unha lei nos mitos escuros.

\* \* \* \*

As palabras de Gómez Román, fai uns instantes, conceden a ista sesión un carácter augusto, unha solenidade de profisión de fe artística, un programa forte, aletexante de espranzas inmorredoiras e un recordo e autobiografía dita co acento interno das memorias e das conversas. Falou o grande arquitecto dende o curazon da súa obra e do cerne da tradición artística gallega. Poucas vegadas teorizan os artistas. En troques, teorizan cecais de máis os que non son artistas, e súas glosas, interpretacións e críticas non sempre pousan como lus xenerosa e hora serea nas obras, e ás veces, como néboa mal alumiada por focos de egotismos e sistemas, equivocan e descamiñan ás xentes.

Falan os artistas da xinea de Gómez Román no acento de unha arcada, no sorrir ledou ou malencónico e lembradoiro de un ornamento, na maneira como unhas fenestras acollen o sol da mañán ou as ondeadas do chover, no xurdir do muro o principio de vivir simbólico de unha figura humán, na idea reitora da composición do edificio... a idea que goberna, rexindo e gardando contra o destino das cousas, o conxunto armónico que deixa de ser pedra e materia pra vivir como nau e forma de eirexe, como berce e pousa das xeracións, ou axuntamento dos outos deberes da cidade. Por iso as palabras de Gómez Román teñen un valor estético e histórico que ha facer —xa o fai dende arestora— de ista sesión académica un fito e un intre esenciais na estética, na crítica, na vivencia do arte e da historia e devenir artístico de Galicia.

Nosa Terra agromada e madurecida como poucas das terras da cultura en soutos e xardíns de podentes e requintadas arquitecturas, a que dende o esquema racial e inspirado do castro e do dolmen ergueu e pechou pórticos pra a pelerinaxe do xénero humán inteiro, abóvedas pra gardar as arelanzas das xeracións, fachadas espellos dos poentes, e compuxo como obras de arte paisaxes e cidades completas, a terra enxamais indefrente a ningún latexo e nova lus de beleza do mundo, e en cuio ámpido chegou o arte románico ó cumio das súas arelanzas e rendiu o barroco as súas máis ricas e mestas colleitas, a Terra da pedra de gra de curazón doncel e tona eispresiva, non ten unha Escola de Arquitectura á sombra da torre do Relox de Sant-Yago, no cerne de unha das cidades cuio pulo e beleza urbán non desmerece no moderno dos exempros de outrora.

Pra os mozos que escuiten ou teñan coñecimento das palabras de Gómez Román ningunha leución millor. Son verbas e doutrinas de confirmación, honradeza e seguranza. Si non oficial, Galicia ten —tivo en toda sazón— unha Escola de Arquitectos

e hoxe a súa cátedra máis outa e de máis proveitosa discipriña foi ocupada e eispricada por Don Manuel Gómez Román. Están de noraboa os bos canteiros e os xóvenes estudantes, quens sinten a música vaga da arte sin podela enteiramente abranguer. Ten resoado no silencio de ista sala unha voce augural. Como de quen falou froito e zume requintado de todas as horas da vida. Ninguén hoxe poderíaas decir. Quixo Gómez Román falar e non ler o escrito. Así as ideas e os procesos, o xermolar das formas, foron desenroladas como no taller, co lápiz e a goma na man, na compañía dos esquemas das obras futuras e da presenza das compridas e ben compridas. Hai unha sinxeleza e gravidade emozoantes, unha grande leución de homildeza e outo espírito nas palabras de Gómez Román.

Conforme falaba e no ronselar de veleira nau das súas falas, todos os ouvintes, cada un ó seu modo persoal, refrexabamos os tempos e trunfos da arquiteitura da nosa terra. Ningún de nós desamparado de abondo pra non levar envolveitos nos fíos internos do seu ser, cos primeiros locires de sol da primaveira dos seus anos, os pétalos da roseira románica de unha ermida ou eirexe aldeán ou a elegancia de uns balustres de pazo envolveitos na lembradoira paixón das hedras, ou a gracia da lumieira de unha casiña aldeán cecais agasallada por as rítmicas cantigas muiñeiras.

A grandeza román cinguiu, como en orbe de moeda o coto de Lugo lei de espallados hourizontes. De ricas e faiscantes xoias eruditas compuxo o bizantino e suevo algunhas composicións arquiteitónicas finas e coallaas en lus intelixente e lonxana. Ergueu o oxival flamexantes ousos, cobriu grandes espacios ecoantes de oracións. Coroa o oxival o coto histórico e leendario de Sto. Domingo de Bonaval e non fallan en vilas e mosteiros as fixas elegancias, a exemplar severidade e o acento de cinxada adicación de un estilo na nosa Terra espallado por os frades Menores ou Pregadores, inda que na soleira da primeira fundación de San Francisco, peleriño do Apóstol, o romor das augas, o verdecer de adral e de rencanto campesío do Campiño do Convento de Valdediós falan co acento do pobo románico, e nil o día refrexado na faciana da eirexa en relixioso coloquio co moimento labrado por Asorey instrumentan en grande e feitoño modo os temas do barroco. Mais somentes o xenio gallego arredondea goriosamente, ditosamente, sen mundo intuitivo e eispresivo, no traballo do románico e do barroco. Nistas artes di a ialma gallega canto quer dicir e aínda resta o anel do misterio, e a transparencia do trasmundo.

Poden ser os nomes recibidos pouco axeitados. Están cinguidos ó devalar das nosas ideas e formas. Loce intimismo, calma, gracia románica a solaina e o patín da



casiña labrega. Dinantes do primeiro inzárense das capelas xermoladoiras da catedral de Sant-Yago, os picos e as arelanzas gallegas compríanse en estilo do mesmo cerne. E si no souto dos vedrayos caracochos a primaveira das xestas e dos gromos ten sinxelezas de místico argumento de capitel espartado en románicas albas, a ronda dos soles e lúas do outono co resoar do chover nos mantos de muchas follateiras e os cromatismos de graves ouros e amarantos compren seus prestixiosos ciclos asegún temáticas que soio no barroquismo poden ter equivalencia interpretativa e estética.

En románico, e mais en barroco, esculpiron as forzas cegas da natureza e as ceibas do home a roca esencial da Galiza. Van a prol de non desemeillante ouxeto as foulas labrando en arcos as costas e furnas, o chover arredondeando en feitura impresoantes ou cómicas os penedos, o piñeiral rubindo as encostas e amolecendo a esgrevieza da montana. Por iste rumbo de ideas podería ensayar unha estética da paisaxe gallega quen pra ilo soupérase dono de esprito e saber de abondo. Somentes aventurei unhas palabras pra no meu sentir sinalar mellor a transcendente verdade dos conceptos e palabras de Dn. Manuel Gómez Román.

\* \* \* \*

Moitas e moi distintas persoas disfrutaron hoxe da doutrina do grande arquitecto. Ha ser vivente en todos o recordo de ista sesión. Pro non soio os presentes aplausamos a Gómez Román. Todos os “bos e xenerosos”, todos os guiados na mente e na laboura por a honradeza e a recompensa do traballo ben feito e nun senso cuase de profisión religiosa, están en esprito connosco. Ha soar o aplauso e xusticieira gabanza da Galicia “que pasou o mar”. E pois unha nova Festa de Nadal encendeu nas almas novas auroras, e as estrelas acórdanse pra ben logo franquear os camiños de un novo Ano, non será precisa licencia pra espertare entre nós horas e presencias da historia eterna, da fonda e vaga saudosa arelanza que entre nós non fai difrencia esencial nin chanta pedras demarcadoiras entre o mundo real e o alén latexante no impeitizo ca prometida lembranza. Pra Gómez Román é relixión o amor dos amigos.

E nista sesión, cando Vigo e Galicia ca nosa Academia saludan emozoados a figura senlleira do arquitecto xenial, sería impiedade calar ós amigos. Os que tiveron entre nós ou lonxe de Galicia seu pasamento. A continuidade do sentimento amizoso fai esquencer as cativeces da vida, estabrece unha tradición de amor eixe da historia fonda e creadora, a silenciosa historia onde, ás veces, o xenio pode traballar

súas feitura inmorrentes. Os amigos mortos fan compañía no traballo e na creación. Fálase co iles, agárdase seu consello, non hai premio semellante ó da aprobación e gabanza das súas sombras afeituosas. Sin palabras, tratándose de arte, de Galicia, do grande artista celebrado hoxe sin nome, un soio imponse como frol de amizade e lealdade. Súa mente e arte sin comparanza están dende o comén de iste acto na conciencia de todo. O nome e a gloria, sin lixos nin vaidade, pura e senlleira de Castelao.

Co il falei de Gómez Román o mesmo día do derradeiro abrazo e adeus. Falamos de Gómez Román, de outros amigos, entre silencios máis cheos do que as palabras, pois neles esmaltábanse as dondas feitura dos hourizontes gallegos, as obras dos artistas, as arquiteituras de Gómez Román. Gasalleiras, fondas, amizosas arquiteituras, fieles á lei do sangue e da Terra. Foron amigos e irmañados pasaron tramos dos seus vivires. De fixo, na soedade do seu taller Gómez Román dialoga con Castelao. Ó decirmos ¡adeus! sin sabere que había ser o derradeiro nunha rúa calquera de Buenos Aires, Castelao, soio, agasallado por os gallegos de alem-mar pro lonxe do descido miragre de Galicia, maxinaba cecais nunha velleza inocente, un agardar a morte cos ollíños cegos tan ricos de lembranzas de lus, na casiña feitiña como dorna segura, como fogar labrego, sinxela e artística como as obras da ispiración popular, calculada pra reflexar un tremelocir de ría, e un longo devalar de romor nos piñeiros, pra Castelao por Gómez Román.

Coido que cecais nunca desexei a mestría no arte da palabra como nista ocasión pra poder recibire ca honra e beleza merecente na Academia Gallega a Gómez Román. Data solene e gasalleira pra a nosa Institución. Naceu baixo a autoridade de nomes ilustres: Curros, Pondal, Murguía. O espírito dos bardos, o do gran historiador e artista e patriarca, como o de Martínez Salazar, poden estar sadisfeitos. Fai tempo non son as Academias maorazgo de honra pra soio os cultivadores das letras. O linguaxe das artes leva en si un tesouro vivente do lingoaxe do pobo e da tradición e si o ouxeto derradeiro da Academia Gallega ten de soio se deter alí onde rematan todos os camiños, diante o misterio da intuición poética do “ser” de Galicia, houbera sido pecado contra o espírito descoñecer a linguaxe das artes, particularmente espresivas da imaxinación e o vivir interno e das formas sociales gallegas.

Viaxe inesquente o da Academia, niste findar de ano, mesto pra Galicia de datas importantes na cultura e súas formas. Onte, Igrexas Vilarelle en Pontevedra. Hoxe, Gómez Román en Vigo. Entramas artes fundamente vividas por Galicia, representadas por mestres ilustres, de chea e rexa personalidade, entran “de mans dadas”,

como se di no irmán Portugal, como “de mans dadas” camiñaron sempre por os vieiros da tradición.

O canto étnico de mariñas e montañas respondeu ás xenuínas arquitecturas labregas ou fidalgas. Y na legría miña, de bon pelegrino dos santuarios de Galicia, poidera maxinar como símbolo de istes dous días unha leda e grave eirexe de cerne e peito románico envolta en barroquismo por sols e luares do sentimento e o decorrer presidindo un retábulo de vales e mariñas cuios cantos, de traballo e de alem, relixiosos, lembradoiros, xeórxicos, viñeran de todos os recantos a se xuntar no adral da belida eirexa e un tras outro deitar baixo a lumieira seus outros temas pidindo a bendición...

En nome da Academia Gallega, de seu ilustre Presidente, cuio espírito novo e vibradoiro alenta hoxe con fonda ledicia, teño a honra de acoller o grande artista D. Manuel Gómez Román e o tempo de agradecer a fidalga hospitalidade de Vigo, a cidade eiquí representada por a aura de simpatía xeneral que vai co nome de Gómez Román, por tan distintas persoas, por o Sr. Alcalde, verdadeiramente cinguido, con intelixencia e entusiasmo, ós problemas e latexar cotidián do curazón de grande cidade atlántica.

Vigo e Gómez Román son apenas concebibles un sin o outro. A cidade cuia noble feitura material, espello dos poentes atlánticos, tanto debe ó seu fillo amante que soupo en formas ledamente tradizoales abranguer o “pneuma” moderno de Vigo. Ó recibir no seu seo e xuntar os seus traballos a Gómez Román, a Academia Gallega compre un antigo e nobre anceo, rexistra nos seus anales unha data lumiosa, gloriosa.









**Real Academia Galega**  
Rúa Tabernas, 11  
15001 A Coruña  
[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

